

## 1

**L**uís acendeu o cigarro, era o momento que se concedía na xornada para pensar. O seu pasar pola vida era o corpo e a memoria, cada cousa por separado. Nada de pensar no traballo, non, ¡iso si que non! No tocante a ese tema a memoria funcionaba selectivamente, non lembraba que facía para se gañar a vida.

O seu corpo era a penas unha desculpa, sempre aceptada, para o pracer. O pracer dos sentidos, do tacto, do olfato, dos ollos, dos oídos, a boca. O lugar non era o máis importante, en realidade era o de menos. O frío nos pés, a auga, a humidade entre os dedos, a mosca tranquilamente pousada na perna, os ombros recibindo o aguillón quente do sol. Sensacións, sensacións pracenteiras. Estaba só, con toda a praia para el. ¿Que motivación tiña para facer unha cousa ou outra? Deixábase arrastrar por calquera estímulo momentáneo. Rascar a perna, afastar a mosca, facer un oco coa man como agarrando o aire ou o sexo. Se sentise o mar chamar por el iría sen dubidalo un instante; se tivese frío cubriría a súa nudez. Pero o mar non facía máis que estar alí diante, falando coas cíclicas frases das ondas ao bater, e o frío agardaba pola desaparición do sol de Maio.

Tiña a inmensa sorte de non importarlle a ninguén, porque a el tampouco lle importaban os demais. Sen necesidades, sen compromisos, sen ataduras. Nin sequera a soidade o ataba, porque non se lembraba dela. Tampouco estaba fóra do mundo, facía unha vida social normal, ía aos concertos, ao teatro, de copas con quen se consideraban amigos e amigas. Compartía cunha muller, de nome Aurora, todo o que se pode compartir, ou

sexa, nada de veras importante. Aparentemente era unha persoa normal.

Desapareceu o sol substituído polo comezo dun solpor que proxecta entre as rochas un inacabable desfile de sombras cada vez máis estiradas, cada vez menos nítidas. Olla para elas e deixan de ser sombras, alguén fai teatro con elas, será a súa imaxinación. Pelexan ata que a escuridade triunfa e todo é sombra, como o seu cerebro. A casa espera por Luís, o frío empúrrao a vestir e agatuñar polo monte dun gris pardento, acender o contacto do coche e romper a noite en forma de camiño recto, reinventar o sol cos faros para definir unha estrada que o conducirá ao seu refuxio, ao seu territorio poboado cunha soidade da que non ten consciencia. O desexo de destruír é tan forte que o ourizo cacho atravesando de vagar a estrada a penas ten tempo de saber que xa morreu esmagado polas rodas. Un leve patinazo, e seguir cara adiante esquecendo unha morte anónima, porque Luís sente que todas o son. ¿A quen lle pode importar a morte dun animal? O mundo non cambiou, ninguén sabe do ocorrido, ¿para que preocuparse por iso? Pensa que se el morrese ninguén o botaría de menos, non é mellor do que un animal.

## 2

Ver a vida como a través dun calidoscopio. Calquera detalle, por mínimo que sexa, reproducécese en simetría e inventa algo perfecto, unha realidade en círculo, sen comezo nin fin. De novo as ansias de destrución, tremendas ganas de rachar, de romper, de matar, de destruír. ¿Por que? Non o sabe, nin sequera lle preocupa. É pracenteiro deixarse arrastrar polo desexo. Coller o prato en que acaba de cear e guindalo contra o chan. Anacos, anacos, un calidoscopio destrozado, fragmentos de desexos, de odios sen motivo, do *odio* puro. Conseguir a pureza de prescindir da moral, de toda moral, ser capaz de ignorar os límites, esquecer que alguén puxera límites aos seus actos. Pulsar cos dedos as teclas do teléfono, ceibar a memoria inconsciente e atar con palabras os desexos de Aurora. ¿Quere estar con ela? Algo lle diría pois ela vai vir. Finxirá que a quere, que disfruta co seu corpo, que a desexa, pero non. Abre a porta da rúa para saír. Aurora virá pero non o vai encontrar. Nin sequera pensa na desculpa que lle dará ao día seguinte. Tamén é un pracer que os demais o busquen a un e que un non apareza por calquera causa imprevista.

Xa está na rúa. O paquete de tabaco asómalle polo peto da camisa pero achégase ao rapaz que o precede andando de vagar pola beirarrúa e pídelle un cigarro. O rapaz olla para el, observa o paquete que asoma do peto e pronuncia unha mala desculpa antes de saír con andar apresurado en dirección ao peirao. Luís ségueo a distancia. O rapaz volve a cabeza, asústase. Luís acelera o paso ata achegarse e bátelle nas costas con inusitada vio-

lencia. O rapaz bota a correr perseguido polos insultos. Luís sorrí, fica parado un instante e ve aparecer ao lonxe a Aurora, co seu andar desequilibrado. Ela sorrí tamén ao velo e achégase feliz, envolta na simetría calidoscópica dos seus ollos. Béixanse con paixón. Luís lembra o corpo mentres esquece a memoria. Aurora lembra a memoria mentres esquece o corpo, que abandona en mans do home, en mans da violencia inusitada do que ela cre ser desexo e el sabe ser nada, o inexplicable movemento que o atrae cara aquel corpo feminino que intúe e reconece baixo a cinxida saia. Abrázaa con tal forza que ela non se atreve a protestar e Luís desinterésase daquel corpo que invadía como se aquela fose a única vez que lle permitiran facelo. O desintere-rese revístese de palabras, de palabras del, de sorrisos dela. Ollos interrogan, os dela, ollos non contestan, os del, e o calidoscopio avanza en círculos sempre diferentes. O tempo pasa, o círculo féchase. Sae a lúa, o mar calmo refléctea, aparece unha estrela, logo outra e outras, e a realidade é tan plural como o ceo. Luís está só, Aurora non quere estar soa e detén o tempo do reloxo e quere para si aquel corpo que ama, ama ata a violencia dos sentidos, ata a desesperación de non querer crer que ama fragmentos aos que desexa dar forma perfecta de círculo, de calidoscopio de formas regulares con que definir a súa vida, coas que inventar unha perfección que quizais algún día descubra que era ficticia. Porque Luís non a quere, porque Luís só a desexa, algunha que outra vez, cando desexa, cando ten necesidade de se sentir algo valioso, cando se desexa tanto a si mesmo que quere destruír os demais, porque é moi cómodo ter alguén que se deixe destruír.

### 3

**D**esfacer co lume a pedra de haxís é como desfacer o cerebro en pó, liberar os desexos ocultos, non ocultados, envolver eses pequenos graos de futuro co feble papel do olvido dunha moral que limita o noso comportamento ao dos demais, ao de Aurora. Contrabandear unha bandada de paxaros que cruzan a fronteira pendurados do fume do cigarro é o pensamento tras dos ollos de Luís. Aurora ve partir e retornar en espirais de fume o desexo de ser unha con Luís e a man dela é a man del, de Luís, que non quere ser man de ninguén e só o beixo, o beixo de Luís convertido en dous beixos pola acción do calidoscopio. E o amor, como todos os días de calquera tempo e lugar, é só o reflexo de dous reflexos. Non importa que sexa a man dela a que desabotoe o pantalón de Luís e cos dentes arrinque obstáculos; non importa que sexan as mans de Luís as que conducen a boca de Aurora ao sexo anónimo dun home calquera; non importa que ela o olle con paixón, nin que a paixón non se introduza no sentimento de Luís; tampouco importa que polos ollos de Luís se deslicen prateiras lágrimas de despedida das derradeiras ataduras a ningunha moral. O que importa é que o amor non ten moral e dous sempre serán dous, e que Aurora introduce a boca húmida, quente e suave por onde desexa, e non espera nada de Luís, e Luís abrialle as pernas e introducirá a modo o seu reflexo na boca do lagarto, que o devorará ansioso e animal. E Luís abotoa o pantalón pero non se afasta. Solta o cinto de novo, como se estivese só, e co recordo posto noutra muller, en todas as mulleres que non son Aurora, desabotoa o pantalón, cada botón son cen, mil, mulleres; facer un oco coa man como agarrando o aire ou o sexo

I  
3 e esquecelo todo, o corpo e a memoria. O corpo é unha descul-  
pa, os dous corpos son un engano da mente, sempre hai un, un  
só, o de Luís, o de Aurora.

## 4

A existencia dunha norma presupón tamén a esencia do pracer. A transgresión, pensa Luís, non supón inmoralidade, é o pracer do esencial, o salto por riba do accesorio, a procura de algo que non se procura, que está aí ou aquí, o que é. Luís séntese amoral, violento. Non mente, non sabería; tampouco quere facelo. A irrupción do irracional é tan violenta como a adaptación ás normas. Violentar co molde do raciocinio é tan irracional como exercer a violencia irracional, sen motivo, sen xustificación. Luís non procura a transgresión porque non concibe as normas. Pensa en que non está a pensar nas triviais normas de convivencia cos compañeiros de traballo, cos amigos e amigas, co mundo civilizado. A súa vida é outra cousa, o que leva dentro de si é un enorme *non* a todo, unha fuxida do *si* da norma, da adecuación ao que todo o mundo chama *o mundo*. O seu *si* á transgresión, o seu *si* á violencia non pretenden adecuarse a nada. Quen lle introduciu a violencia nos sentidos foi precisamente ese mundo que inventa as normas para reprimila e que asemade as aplica con toda a violencia de que é capaz. Pero esa violencia é utilitaria, procura un fin, o de controlar a violencia que todos levamos dentro, reconducila en algo útil para a sociedade ou, cando menos, útil para os que cren nela. Luís non cre, é tan asocial como solitario, é tan solitario como solidario consigo mesmo, coa parte irracional que non é capaz, tampouco o intenta, de afastar de si.

Luís non xoga coa xente que o rodea porque non sabe finxir. Non procura a ninguén para falar, estar, amar ou calquera

outra ocupación tan absurda como amar, estar ou falar. Non. Pero el si é procurado polos demais, por Aurora, por Patricia, por Pedro, o seu amigo da infancia, por Andrés, o seu único irmán, por algunha que outra muller que quere saber o estraño xeito que, imaxina, ten el de amar, como é que el é capaz de amar. Séntese o centro do calidoscopio, por iso desfaiase en irracionais e aleatorios anacos que o constrúen diferente a cada momento que pasa ou a cada momento que alguén ve pasar por el.

Se non existe a memoria o momento nunca pasa; se esquecemos o momento vivimos a transgresión, se deixamos a un lado o tempo acadaremos a perfección, a perfección do inútil, do que non se explica, dos sentidos tan rebordantes de pracer que chegan a ser eles mesmos o pracer. Oír, ver, ulir, amar, todo é tan inútil como crer que algo que nos veña de fóra dos nosos sentidos pode axudar a construírnos. Luís pensa que unha árbore non se constrúe, non é diferente a cada momento que pasa, a esencia da árbore sempre é a mesma. Co ser humano ocorre o mesmo. Non cabe a decepción cando nada se espera, non cabe o arrepentimento cando as accións son gratuítas. Os motivos, pensa Luís, para os demais; as explicacións para os outros; as normas para todos agás el. ¿Que importa que suscite odios ou envexas cando o pracer sen normas o posúe cargado de irracionalidade? Nada. ¿Exerce de heroe de si mesmo ou a súa heroicidade consiste precisamente en exercer de si mesmo?

## 5

Aurora quere pensar, pero o seu amor por Luís impídelle facelo coa distancia necesaria para entender. Pasea pola rúa, recibe ausente o orballo sobre os cabelos. A refinada auga é un chiar de milleiros de carricantas a perforar os oídos, a lavar o seu rostro, que se ausenta de si mesma para desfacerse como un torrón de lama se desfai arrastrado polo torrente. Ignora por que Luís é do tamaño do seu pensamento. Tamén ignora por que se resiste e non a un comezar do desexo polo home que ergue os ollos do libro para ollala daquela forma en que sente as mans que a rodean con suavidade. Non sabe se foi onte, ou hoxe, cando sentara na mesa do café e pendurara o ollar canso de tanta ilusión nas cortinas que filtraban o sol polos vidros e sentírase cravada como unha bolboreta de taxidermista polo ollar profundo daquel home que a deixaba voar de novo cando baixaba os ollos para o libro. As cortinas foran substituídas polo perfil do home a ollar pola xanela afora. O atronador ruído da máquina moendo café fíxo-a voltar en si e ocupar o pensamento en Luís. Sentiuse atractiva como toda muller que está soa e non agarda por ninguén, sentiu o tempo diante de si, a abertura de futuro, da posibilidade de non se sabe que, e ese sentimento creou un lazo co home do libro, co perfil que ollaba a xente pasar pola rúa. A luz forte do sol deixou paso axiña á penumbra gris que precede á choiva e Aurora saíu a rúa a encoller o pensamento, a cercar co arame da memoria o recordo de Luís, a deixar cravados no tempo e no espacio os ollos do home do libro que a atraía e non. Eses pensamentos íntimos, eses sentimentos só dela, constrúen o seu presente. ¿Podería en calquera momento ser como Patricia, cazado-

ra de homes, coleccionista do bon que cada home leva para dar ás mulleres, a calquera muller? Non podía ignorar as evidentes semellanzas entre Patricia e Luís, ese gusto polo pracer sen compromisos, polo amor sen tempo, polo pracer do momento, polo desinterese no futuro. Pero ela non era así, a perfección non estaba no instante senón no transcurso, na vida discorrendo, alimentada pola memoria, na depuración do pasado no presente, na ilusión dun futuro que sempre sería mellor. Aurora quería un Luís diferente, un Luís que se dese todo, co corpo, coa mente, e non esa transacción dos corpos inútil porque non procuraba nada máis que a satisfacción momentánea do desexo, unha transacción comercial en que o comprador non adquiría nada porque nada estaba en venda.